



Manual de usuario

OVGAN – VET. EXPLOTACIÓN

Manual de usuario da Oficina virtual de
gandaría para veterinario de explotación

Elaborado por AMTEGA



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA

Xacobeo  2027



Control de cambios

VERSIÓN ORIXINAL			
NOME DO DOCUMENTO:	Manual de usuario OVGAN – Veterinario Explotación	VERSIÓN :	01.00
COD. DO DOCUMENTO:	OVGAN_MU_vetexpl_v.01.00		
ELABORADO POR:	AMTEGA	DATA:	29/05/2026
VALIDADO POR:	AMTEGA	DATA:	29/05/2026
APROBADO POR:	AMTEGA	DATA:	29/05/2026

REXISTRO DE CAMBIOS					
Versión	Causa da nova versión	Modificado	Validado	Aprobado	Data de aprobación

CLÁUSULA DE CONFIDENCIALIDADE

Este documento é propiedade da Amtega (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia). Deberá empregar este material exclusivamente para os servizos que foron acordados coa Amtega e que requiren necesariamente da súa utilización. Está prohibida a reprodución parcial ou total, por calquera medio ou método, dos contidos deste documento para calquera outro uso non acordado coa Amtega.



Índice

1. INTRODUCCIÓN.....	4
2. PRESENTACIÓN DO SISTEMA.....	5
2.1. Perfís de usuario.....	5
2.2. Modos de acceso.....	5
3. OPCIÓNS DO SISTEMA.....	6
3.1. Páxina inicial - Menú.....	6
3.2. Páxina inicial - Muro.....	6
3.3. Axuda.....	6
3.4. Meus documentos.....	6
3.5. Consultas.....	7
Explotacións.....	7
4. OPCIÓNS ESPECÍFICAS PARA O VETERINARIO DE EXPLOTACIÓN.....	9
4.1. Procesos de nomeamento e cese de veterinario de explotación.....	9
4.2. Aprobar/Denegar solicitude de nomeamento de veterinario de explotación.....	9
4.3. Cese veterinario de explotación.....	11
4.4. Consulta de trámites.....	12
5. ANEXO I: GLOSARIO DE TERMOS.....	14



1. INTRODUCCIÓN

Neste documento descríbese o funcionamento do sistema OVGAN (Oficina Virtual de Gandería) para persoas co perfil veterinario explotación.

Para máis información e outros documentos relacionados con este sistema consultar:

- Outras guías e documentos de axuda dispoñibles na propia aplicación na opción "Axuda".
- A páxina web: Oficina Virtual de la Consellería do Medio Rural.

As principais funcionalidades deste sistema son as seguintes:

- Consultas:
 - Explotacións.
- Novo trámite:
 - Cese veterinario de explotación
- Meus documentos.
- Meus trámites.

2. PRESENTACIÓN DO SISTEMA

2.1. Perfís de usuario

O sistema permite o acceso a diferentes grupos de persoas, aínda que este documento diríxese exclusivamente ao persoal veterinario de explotación (perfil veterinario explotación).

2.2. Modos de acceso

As persoas co perfil veterinario de explotación teñen varias alternativas de identificación para acceder ao sistema:

- Acceso con credenciais tipo Chave365

O acceso realízase introducindo o NIF e un contrasinal proporcionados polo sistema Chave365. O sistema Chave365 permite acceder a leste e outros servizos da Xunta de Galicia, Sergas etc.

- Acceso con certificado electrónico ou DNI electrónico

- Acceso con credenciais Cl@ve

Posibilita o acceso a trámites electrónicos a quen non dispón de certificado electrónico.

OVGAN

Oficina virtual de Gandaría

Seleccione o tipo de acceso

 Acceso con PIN


  Acceso con certificado dixital, Chave365 ou Cl@ve

 Avisos e opcións públicas

3. OPCIÓN DO SISTEMA

3.1. Páxina inicial - Menú

O menú de opcións de OVGAN móstrase nunha columna á esquerda da pantalla. Inicialmente móstrase aberto coas opcións de Novo trámite visibles.



Pulsando sobre os nomes que se mostran accédese ás diferentes opcións:

-  Pechar o menú de opcións.
-  Abrir o menú de opcións.
-  Pantalla inicial onde se mostra o menú e o Muro.
-  Consultas.
-  Novo trámite.
-  Meus documentos.
-  Meus trámites.

3.2. Páxina inicial - Muro

Na páxina inicial móstrase o Muro. Este espazo inclúe avisos xerais sobre o sistema, e tamén notificacións relativas aos trámites realizados pola persoa conectada.

3.3. Axuda

Nesta pantalla atópanse ao dispor dos usuarios diferentes documentos e materiais de axuda. Entre eles atópanse ligazóns a outras páxinas web con teléfonos de interese, prezos de servizos, etc.

ódese atopar máis información e outros documentos relacionados con este sistema na páxina web: Oficina Virtual da Consellería do Medio Rural.

3.4. Meus documentos

Nesta pantalla o usuario pode consultar e descargar ao PC local todos os documentos xerados nos trámites.

Ao acceder a esta pantalla móstrase directamente a listaxe dos documentos xerados na última semana sen necesidade de facer unha procura previa.

Tamén se poden realizar procuras sobre os documentos, para iso, unha vez introducidos os filtros polos que quere realizar a procura, débese pulsar sobre o botón "Buscar" e obterase unha listaxe dos documentos que coincidan cos filtros de procura introducidos.

Limpia

Meus documentos

MEUS DOCUMENTOS

Algúns documentos borraranse unha vez pasados 90 días. Se quere conservar unha copia, deberá descargalos.

Filtros de busca

Buscar

+ Máis filtros

Nº de Solicitud*	Estado*	Trámite / Consulta*	Orixe*	Nome arquivo*	Tamaño*	D. Creación*	Explotación*
	Xerado	Consulta do libro de explotación	Consulta	LibroSubexplotación_20240607092852.pdf	80.64 KB	07/06/2024	ES
	Xerado	Consulta do libro de explotación	Consulta	LibroSubexplotación_20240607092654.pdf	96.47 KB	07/06/2024	ES

Mostrando 1 ao 2 de 2 resultados

Mostrar

10

 resultados

< 1 >

3.5. Consultas

Explotaciones

Consultas -> Explotaciones

Nesta pantalla o veterinario de explotación pode consultar os datos zoosanitarios das explotacións nas que estea autorizado.

Limpar

Explotacións

EXPLORACIÓNS

Filtros de busca

🔍 Buscar

+ Máis filtros

Código REGA ⬇	Tipo explotación ⬇	Estado ⬇	Especie ⬇	Data estado ⬇	Enderezo ⬇	Concello ⬇	Parroquia ⬇	
ES1[REDACTED]01	Producción e reprodución	Alta	Bovino	01/05/2006	COIRO - COIRO - MAZARICOS	Mazaricos	Coiro (Santa María)	
ES[REDACTED]01	Producción e reprodución	Alta	Ovino-Cabrún	27/01/2016	QUINTELA LAXE	Chantada	Laxe, A (San Xoán)	

Mostrando 1 ao 2 de 2 resultados

Mostrar [10 ▼] resultados

1



Pulsando sobre a icona detalle dun determinado elemento da lista ou sobre a ligazón correspondente ao código REGA, accederase aos datos da explotación en modo consulta.

4. OPCIÓN ESPECÍFICAS PARA O VETERINARIO DE EXPLOTACIÓN

4.1. Procesos de nomeamento e cese de veterinario de explotación

O proceso de nomeamento ou de cese dun veterinario de explotación require de diferentes accións que deben realizar o titular da explotación e o veterinario.

A continuación descríbense os pasos necesarios para realizar estas operacións.

Nomeamento de veterinario de explotación dunha explotación :

- 1.- Gandeiro/a: En OVGAN fai unha solicitude de nomeamento dun veterinario, mediante o trámite "Comunicación de veterinario de explotación"
- 2.- OVGAN automaticamente envía email ao veterinario informándolle da existencia dunha nova solicitude
- 3.- Veterinario de explotación: En OVGAN mediante o acceso á solicitude, aproba ou rexeita o nomeamento como veterinario da explotación. ,
- 4.- OVGAN automaticamente envía email ao gandeiro informándolle da resolución feita polo veterinario.
- 5.- OVGAN: Se a solicitude é aprobada xera o documento de declaración responsable

A data de nomeamento é a data de aprobación da solicitude

Cese de veterinario de explotación dunha explotación:

- 1.- Veterinario explotación ou gandeiro/a: En OVGAN fai unha solicitude mediante o trámite "Cese de veterinario de explotación"
- 2.- OVGAN: automaticamente envía email ao gandeiro e ao veterinario informándolles do cese.

A data de cese é a data de aprobación da solicitude de cese.


O cese non precisa de confirmación nin aprobación da outra parte.

4.2. Aprobar/Denegar solicitude de nomeamento de veterinario de explotación

Unha vez que o titular da explotación rexistrou unha solicitude de nomeamento a favor dunha persoa veterinaria, esta persoa pode aprobar ou denegar o nomeamento.


Na opción de menú "Meus trámites" a persoa usuaria pode aprobar/denegar unha solicitude de nomeamento de veterinario de explotación. Para facelo debe localizar a solicitude correspondente que aparecerá no estado "Trámite" (pode empregar os filtros do buscador para afinar a busca).

Pulsando sobre a icona detalle  ou sobre o número de solicitude accederá á solicitude.



Nº Solicitude	Nome do trámite	Data comunicación	Estado	
14437374	Comunicación veterinario de explotación	29/05/2026	Trámite	
14437372	Comunicación veterinario de explotación	29/05/2026	Aprobada	
14437358	Comunicación veterinario de explotación	27/05/2026	Aprobada	

Na pantalla da solicitude pode aprobala ou denegala seleccionando a opción correspondente e pulsando o botón "Resolver".



Designación veterinario de explotación

DESIGNACIÓN VETERINARIO DE EXPLOTACIÓN > DATOS

+ Identificación da solicitude 14437374 En trámite

Resolución da solicitude

☒ Aprobar esta solicitude

☐ Denegar esta solicitude. Debe introducir o motivo de denegación que visualizará o solicitante.

 **Resolver**

i Ao aprobar esta solicitude comprométome a cumprir as obrigacións e compromisos previstos no Real Decreto 346/2025, do 22 de abril, polo que se establecen as bases de desenvolvemento da normativa da Unión Europea de sanidade animal, no relativo ás obrigacións de vixilancia do titular da explotación.

Unha vez resolta a solicitude, automaticamente enviarase un email informando deste feito ao titular da explotación e ao mesmo usuario.

Se se aprobou a solicitude aparecerá un link, ao final da pantalla, para descargar a declaración responsable.

Consentimento da información zoosanitaria da explotación

- ☐ Consinto ao veterinario o acceso, por medios electrónicos, á información zoosanitaria da explotación seleccionada.
- ☒ Eu mesmo facilitarei ao veterinario, polos meus propios medios, á información zoosanitaria da explotación.

INFORMACIÓN ACCESO PRESVET A VETERINARIOS/AS

- ☒ Consinto ao veterinario o acceso, por medios electrónicos ao Sistema Informático central de Prescripción.

No [seguinte enlace](#), poderá designar un ou varios veterinarios para consultar todas as prescricións (en caso de contar con varias) e a continuación indicar o NIF do veterinario/a a autorizar. A continuación

Para descargar o documento de declaración responsable prema [aquí](#) 

[Volver](#)

4.3. Cese veterinario de explotación

Dende a entrada do menú Novo trámite -> Cese veterinario de explotación o usuario pode solicitar en calquera momento o seu cese como veterinario de explotación dunha explotación determinada.

Este cese non precisa de confirmación nin aprobación por parte do titular da explotación gandeira. O sistema informa do cese por email ao titular da explotación e ao usuario.

O primeiro é seleccionar a explotación na que vai cesar como de veterinario de explotación e a continuación marcar a casa "Confirmo que quero finalizar a relación de veterinario de explotación na explotación seleccionada." e por último pulsar o botón "Valida". Automáticamente a solicitude quedará aprobada.

[Cancelar](#)
[Validar](#)

[Inicio](#) > RELACIONES ACTUALES

Cubra os datos necesarios para o trámite(1 de 1)

Explotacións relacionadas con veterinario de explotación

Código REGA	Especie	Concello	Parroquia	Data de inicio	
ES270060023201	Porcos	Becerreá	Guilfrei (Santa Eulalia)	29/05/2026	☒
ES150450160601	Bovino	Mazaricos	Coiro (Santa María)	29/05/2026	☐
ES270160083701	Ovino-Cabrún	Chantada	Laxe, A (San Xoán)	27/05/2026	☐

Confirmación

☒ Confirmo que quero finalizar a relación como veterinario de explotación na explotación seleccionada.

[Cancelar](#)
[Validar](#)

Validar

A continuación o usuario debe pulsar o botón "Validar" para que o sistema valide o contido e móstrase a solicitude completa con obxecto de que o usuario poida revisala.

Solicitar

Se a validación é correcta, o usuario debe pulsar "Solicitar". O cese será efectivo dende este intre.

O usuario pode consultar en calquera momento a solicitude na opción de menú "Meus trámites".

4.4. Consulta de trámites

Desde a entrada de menú "Meus trámites" se poden consultar as solicitudes dos seguintes trámites:

- Comunicación de veterinario de explotación
- Cese veterinario de explotación

Ao acceder a esta pantalla móstrase directamente a listaxe das solicitudes de trámites da última semana sen necesidade de facer unha procura previa.

Nº Solicitud	Nome do trámite	Data comunicación	Estado
14437374	Comunicación veterinario de explotación	29/05/2026	Trámite
14437372	Comunicación veterinario de explotación	29/05/2026	Aprobada
14437358	Comunicación veterinario de explotación	27/05/2026	Aprobada

Tamén pode realizar procuras sobre os seus trámites, para iso, unha vez introducidos os filtros polos que quere realizar a procura, debe de pulsar sobre o botón "Buscar" e obterase unha listaxe dos trámites que coincidan cos filtros de procura introducidos.

Para acceder a un determinado trámite deberase pulsar sobre a icona detalle ou sobre o número de solicitude.

1.- Comunicación veterinario de explotación

Unha solicitude de comunicación de veterinario de explotación pode atoparse en tres estados:

- En trámite

Indica que a comunicación de veterinario foi rexistrada polo titular da explotación e está pendente de aprobación ou denegación por parte do veterinario. O veterinario debe entrar nela e aprobala ou denegala ou só para consultala.

- Aprobada/Denegada



Este estado indica que o usuario xa resolveu a solicitude de comunicación aceptando (aprobada) ou non aceptando (denegada) o nomeamento de veterinario de explotación

2.- Cese veterinario de explotación

Unha solicitude de cese solo pode atoparse no estado Aprobada.



5. ANEXO I: GLOSARIO DE TERMOS

- OVGAN: Oficina virtual de gandería.
- Muro: Pantalla de benvida da aplicación onde aparecen avisos do sistema dirixidos ao usuario.